

O PAPEL DA LINGUA NA CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE GALEGA DURANTE A ÉPOCA REXIONALISTA (1875 - 1916)

Beatriz García Turnes¹

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Aínda que dende os comezos da formación dunha identidade galega diferenciada no século XIX a lingua foi recoñecida como un factor de especificidade (Beramendi, 1991), foi a partir das teorías do historiador e activo galeguista Manuel Murguía cando se lle outorgou o papel fundamental que aínda hoxe ten para os nacionalistas. Así, por exemplo, nos Xogos Florais de Tui en 1891 afirmaba Murguía que o galego “é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos dí que pois somos un povo [sic] distinto debemos selo”, xa que “léngua distinta –como di o aforismo político– acusa distinta nacionalidade” (Martínez Murguía, 1974b). Xa once anos antes explicara no seu libro *Los precursores* (1975: 140-141) que “así como es cierto que lengua distinta acusa diversa nacionalidad, así es [sic] necesita conservar su lengua para que la nacionalidad persevere”. É dicir, que a lingua é valorada como aspecto fundamental na construción (e tamén na destrución, en caso de desaparecer) da nacionalidade, tanto en xeral e en abstracto como no caso concreto de Galicia (Máiz, 1984). E este recoñecemento debe leva-los galegos á acción para a defensa do seu idioma.

A pesar da importancia que Murguía lle outorga á lingua, non debemos pensar que esta constitúe o centro da súa argumentación acerca da nación. O cerne da argumentación nacional murguiana é, en realidade, a raza, e dela derívanse o resto dos elementos orgánicos que constitúen un pobo, incluído o idioma (Máiz, 1984). O que sucede é que a fala galega é, de tódolos aspectos que conforman a nación, o máis facilmente perceptible, o máis visible, o que permite afirmar con maior claridade a diferenza. Cando Murguía di que “las lenguas son las verdaderas banderas nacionales” (1879, en Hermida, 1992: 268) está recoñecendo esta representatividade, este valor simbólico das linguas en xeral e da galega en particular.

Neste sentido, a Murguía e ós seus compañeiros rexionalistas preséntaselles un problema: entre os seus contemporáneos está estendida a idea de que esa maneira diferente de falar dos galegos é un simple dialecto, non un idioma, e de que, polo tanto, non ten entidade abonda como para fundamentar unha nacionalidade diferente. De aí que sexan moitos os textos en que os galeguistas explicitan e explican que o galego é unha lingua. Saco e Arce

¹ Instituto da Lingua Galega, Praza da Universidade 4, 15703 Santiago de Compostela; Teléfono: (981) 56 31 00, Ext. 12814, Fax: (981) 57 27 70.

(1876, en Hermida, 1992) no seu artigo titulado, precisamente, “El habla gallega, ¿es lengua, idioma o dialecto?” dános a entender que esta era unha cuestión frecuentemente discutida, e non sen paixón, na época.

Lugrís Freire (1885) e Besada (1887) recorren ás definicións de lingua e de dialecto ofrecidas polo diccionario da Real Academia Española para nega-la condición dialectal do galego. Di Lugrís Freire:

“Dialeuto, según a Academia Española, è o linguaxe que têm con outros un orixe común, co’a diferenza das disinencias; (...) ¿A nosa fala encóntrase dentro d’ estas condiciós? Axiña ollamos que non, pois é diferente da castellana na fonética, na eufonía, y –en condiciós de sintáxis [sic]; e tampouco pode caber nesta definición por ser mais vella que a fala de Castilla, en moitos centos d’ anos” (Lugrís Freire, en Hermida, 1992: 263).

A idea de que o galego era a lingua latina máis antiga da Península Ibérica, e mesmo de que era o pai do castelán e/ou do portugués achábase tamén moi estendida nesta época e era invocada como factor de dignificación do idioma. Unida á afirmación das diferencias que separan a nosa fala da castelá –que van máis alá das desinencias ás que se refire a definición de dialecto– servíu para eleva-lo galego á categoría de lingua. Se, a pesar de todo, alguén pretendía seguir defendendo a condición dialectal da fala do país só lle cabía o recurso de nega-la adecuación da definición do diccionario; pero precisamente esta foi a escollida por estar avalada por unha autoridade académica, o que impedía a súa descualificación. Besada, por exemplo, di:

“Réstale solamente a la crítica destruir el argumento, condenando la definición; pero advierta el que lo intente, que de hacerlo así, condena al Diccionario Español, esto es, al único libro autorizado para definir con acierto y para expresarse con exactitud” (Besada, 1887: 80).

Saco (1876, en Hermida 1992: 114-115) acaba concluíndo que o galego é, segundo como se enfoque a cuestión, lingua (medio de expresión dos pensamentos dun pobo), idioma (lingua considerada na súa parte característica, no que a diferencia das demais) e dialecto (variedade dunha lingua nun territorio ou nación), pero non dialecto do castelán, senón do español:

“Puede tambien llamarse dialecto –explica Saco– porque es una de las variedades del lenguaje formado en nuestra península, durante la edad media, sobre el molde y base del latín, alterado y mezclado con otros elementos nacionales y extranjeros. No hay, pues, inconveniente en decir: «El gallego es uno de los más bellos dialectos que se hablan en España.» Pero no del castellano, sino de la lengua española, en el sentido arriba explicado, se puede conceptuar dialecto nuestro lenguaje”.

Esta distinción entre castelán e español, na que agora non nos podemos deter, é bastante interesante e reveladora de posicións ideolóxicas concretas. Fronte á postura de Saco,

resulta significativo o empeño dos contrarios á promoción da lingua do país en que se lle chame español, e non castelán, ó idioma dominante. Esta denominación implica que tal lingua é a propia de tódolos cidadáns do Estado, incluídos os galegos, ó tempo que, dalgunha maneira, nega que o galego sexa un idioma español, polo menos ó mesmo nivel có castelán.

Outro aspecto interesante do parágrafo de Saco que acabamos de ler relaciónase co empeño dos galeguistas en sinalar que aquilo que o galego ten de dialecto o ten tamén o castelán. Besada, por exemplo, afirma que:

“Siendo el dialecto el lenguaje que tiene comunidad de origen, no hay más que una lengua que deje de serlo, la lengua primitiva de que hablábamos en su lugar, y por ende el gallego será dialecto” (Besada, 1887: 79).

Sen embargo, Besada opina que o mellor é que o galego leve o nome de lingua porque “no descendió tanto que pueda confundirse con esas degeneradas lenguas faltas de vida propia, que llevan la humilde y denigrante denominación de dialectos” (Besada, 1887: 81). Esta cita revélanos que a palabra “dialecto” se manexaba na época cun sentido que tiña máis que ver co prestixio do código en cuestión e mais coa posesión ou a ausencia dunha tradición escrita ca coas variedades xeográficas. Quizais por iso, ou a pesar de todo o dito, a idea da condición dialectal do galego estaba tan estendida e pesaba tanto que moitos dos que argumentan que a fala do país é unha lingua –incluído Murguía– chámanlle unhas páxinas máis adiante dialecto e refírense ás variedades xeográficas do galego –é o caso de Besada– como subdialectos.

Ademais do problema do recoñecemento do galego como lingua, os galeguistas encóntranse con outro que mencionamos case ó comezo desta comunicación, pero que pola súa importancia require unha explicación algo máis detallada: cómpre harmoniza-lo papel que se lle outorga á lingua como elemento representativo e mantedor dun pobo coa teoría celtista que sustenta o concepto de nación dende Murguía.

Xa vimos como para este autor a posesión dunha lingua distinta demostra a dunha distinta nacionalidade; pero as nacionalidades non existen por azar, senón que se crean e se manteñen cando hai predominio dunha raza:

“La lengua indica algo, y en este caso revela en nosotros una raza distinta a las otras con las cuales estamos unidos; nosotros somos suevos, raza perfectamente diferenciada” (1907, en Martínez Murguía, 1974b: 88).

Suevos e celtas. Segundo Murguía, pola nosa orixe e pola nosa historia os galegos somos celtas que recibímo-lo reforzo e a achega civilizadora doutra raza aria, a sueva. Fronte ós casteláns, por exemplo, que se contaminaron con elementos semíticos (árabes), os galegos

mantivémo-la pureza aria. E é que as diferencias biolóxicas entre os humanos xeran distintas razas que crean cadansúa cultura (folklore, relixión, literatura, lingua...) de acordo coas potencialidades que cada unha leva inscritas no sangue. Por iso hai razas e culturas inferiores fronte a razas e culturas superiores, e por iso é tan importante que as razas superiores (como a aria) non se contaminen coa mestura doutras inferiores (como a semítica).

O mito do celtismo, que é un subsistema do mito do arianismo (Máiz, 1984) –a raza celta é unha rama da aria– tomouno fundamentalmente Murguía de autores franceses cos que el mesmo reconece ás veces a súa débeda (como Thierry ou Gobineau). Segundo o profesor Ramón Máiz (1984), que na súa tese de doutoramento estudia con bastante detalle este punto da ideoloxía murguiana, tal mito ario-céltico foi elaborado por Francia fronte ó seu inimigo nacional por excelencia, Alemaña, e o seu mito fundador da nación, ario-teutónico.


Da mesma maneira que o francés Granier de Cassagnac afirmaba que o seu idioma era anterior ó latín, Murguía defende que o galego existiu como tal dende os tempos dos celtas. Agora ben, o historiador galego encóntrase con que é imposible nega-lo claro influxo latino na nosa lingua e vese na obriga de minimizalo: a fala celta non desapareceu baixo o dominio romano, senón que influíu no latín e modificouno de tal maneira que case se pode afirmar que o converteu en idioma celta. Este idioma permaneceu a través dos séculos ata chegar ó XIX.

Igual ca no pasado razas alleas e inferiores como a latina, a fenicia, a árabe... exerceron sobre nós un dominio breve e caeron como consecuencia da súa propia inferioridade, o dominio castelán –semítico– acabará por ceder ó impulso dunha raza superior –a galega, celto-sueva– que sacará de novo á luz toda a súa cultura, incluída a lingua; cultura nese momento sometida mais non aniquilada.

A teoría murguiana sobre a orixe da lingua galega, expresada xa en 1865 no tomo I da súa *Historia de Galicia* e repetida en varios textos do período que nós estudiamos, foi asumida por moitos dos seus contemporáneos, aínda que a miúdo con leves variantes.

Besada, por exemplo, na súa *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua* (1887), dedica boa parte dos capítulos de que consta o primeiro tomo a traza-la orixe e a evolución do idioma do país. Comeza o seu discurso cun rexeitamento da lingüística precientífica e do seu obxectivo principal: a busca do idioma único primitivo, “fundamento de todos los demás, que naciendo en el Paraíso con Adán, sentó las bases capitales de todas las lenguas ulteriores” (16). A continuación, canta as excelencias do método inductivo e dos traballos de comparación levados a cabo por ilustres estudiosos como Leibnitz, Schlegel, Humboldt, Grimm, Bopp, Steinthal, Renan... e outros lingüistas, principalmente da primeira metade do século XIX, aínda que tamén hai algún posterior, como o arabista Dozy ou o

orientalista Rawlison. Por suposto, dá a entender que vai segui-las súas ensinanzas e, en efecto, o primeiro que fai é trazar unha árbore xenealóxica de linguas que mostra as orixes e a familia do galego. Nos capítulos seguintes tamén ofrecerá etimoloxías e leis fonéticas, non sempre correctas, que presentan a evolución do latín ó galego actual. O interesante é que, a pesar de todo este programa científico e deste aparente comparatismo, o que está facendo é expresa-las mesmas ideas non-científicas sobre a lingua ca Murguía. Así, a árbore xenealóxica que establece pode reconstruírse máis ou menos do seguinte xeito:



Outras linguas, como o gótico, o sánscrito ou o eslavo, son consideradas dialectos da lingua aria, ó mesmo nivel có celta, o latín e o grego. Se non as colocamos na árbore é porque Besada non indica a cal das dúas subfamilias –a do celto-ariano ou a do pelasgo– pertencen.

O máis interesante non é, sen embargo, esta clasificación das linguas antigas, senón a seguinte afirmación:

“Celta, latín y griego son los tres elementos principales de nuestra lengua, el celta la informó, la determinó, el latín la enriqueció, el griego reformándola la hermoseó. A estudiar estos elementos y otros más secundarios, está encaminado este trabajo” (19-20).

Semella haber unha gradación descendente nesa breve lista de constituíntes do idioma galego. Observemos que o latín só enriqueceu unha lingua que xa estaba determinada polo celta.

Ademais, Besada ocúpase a continuación de rexeita-las teorías con base en historias bíblicas segundo as cales Thubal, descendente de Caín, se estableceu en Galicia traendo con el o hebreo, que sería o primeiro idioma falado no país. Esta postura de rexeitamento é algo máis ca un chamamento á científicidade e ó abandono dos mitos sobre as linguas, e debe relacionarse co antisemitismo que vimos xa en Murguía, quen afirmaba, por exemplo, que no

noso idioma non había ningún resto do árabe. A raza, a cultura e as linguas semitas eran, segundo estes autores, inferiores; e toda a familia siro- -arábiga, de acordo con Besada, apareceu con posterioridade á lingua e á familia aria, da que forma parte o galego. Daquela, ¿cal foi o primitivo idioma de Galicia e que restos deixou na nosa lingua?

“Acaso fuesen gritos inarticulados, frases sueltas y guturales, salvajes y bárbaros sonidos. Si admitimos que los habitantes primitivos de nuestra tierra vivían en un estado de barbarie, nada nos interesa su lenguaje, que ni había de ser lógico, ni obedecería á reglas filológicas, ni tendría etimología racional, ni tampoco se perpetuaría como no se perpetuaron las costumbres, los hábitos y las leyes” (20-21).

Esta linguaxe primitiva non sobreviviu porque formaba parte dunha civilización inferior que foi totalmente varrida por outra superior, a dos celtas. Sen embargo, cando chegou Roma, aínda que someteu os celtas, non só non puido borralas pegadas da súa lingua, senón que ademais o idioma dos bardos, tras subsistir oculto durante os catro séculos de dominación romana, ó rematar esta, “sacando fuerzas de una flaqueza, que solo pudo existir en apariencia, informó la marcha de aquella lengua que de tal suerte le había dominado” (35). Aquí subxace a idea de que a civilización celta é superior á latina pois, tal e como o propio Besada afirma no primeiro capítulo do libro, “el más culto es el que vence, aunque el más culto sea el vencido” (21).

Igual que a Murguía, a Besada non lle queda máis remedio que recoñecer que “el latín es el elemento principal de nuestro idioma”: atribúelle un 60% do noso léxico, pero reafirma que “el celta lo modificó según su labio, que le dió cierto carácter distinto” (35). As leis fonéticas coas que Besada pretende sistematizar a evolución do latín ó galego, preséntanolas como transformacións debidas exclusivamente ó substrato celta.

A principal contribución do grego constituíuna o ditongo *-ei*. Este idioma, ademais, foi máis influente en Portugal e en Galicia ca en ningún outro lugar da Península. Contrariamente a Murguía, non lle dá Besada moita importancia á achega sueva, nin no cultural nin no lingüístico. Afirmar que os suevos só nos deixaron algúns restos da súa presenza, palabras que “tienen la extraña particularidad de ser empleadas por los habitantes de esta región cuando hablan en castellano” (49). E é que para Besada a sueva non era unha civilización superior, a pesar de ser xermánica:

“La rudeza de sus costumbres, su negativa civilización no pretendió, ni podía pretender sobreponerse á la del país. En circunstancias tales no es aventurado suponer que el lenguaje suevo dejase extraviadas algunas de sus frases, que sin darnos cuenta de ello empleamos, teniéndolas por extrañas y creyéndolas más castellanas que gallegas” (49).

Elementos como o fenicio ou o normando (un semítico e outro xermánico) tampouco

non deixaron na nosa lingua máis que leves sinais do seu paso.

Máis curiosa é a teoría de Euquerio V. Senra (1907) no seu artigo “El gallego no es hijo del latín”. Para este autor, hai dous compoñentes esenciais do idioma galego: o celta e o grego, ó que lle dá máis importancia ca Besada. Ademais quedounos algunha que outra voz que trouxeron os fenicios, pobo do que os celtas tomaron a escritura e certos “giros exóticos” (205). O hebreo deixou tamén poucas pegadas, pois “echó raíces lánguidas y efímeras” (207). Os latinos, en cambio, non lograron en ningún momento impoñe-la súa lingua e a súa influencia foi “case imperceptible” (207).

¿Como explica este autor, daquela, a semellanza entre o latín e o galego? Da unión dos elementos sinalados no parágrafo anterior, crearon os galegos unha lingua que se parecía moitísimo ó latín, porque tanto o idioma dos romanos como ese galego primitivo tiñan compoñentes comúns –celta, hebreo, grego– e eran linguas irmás.

O que máis nos chama a atención non é que Euqueiro V. Senra puidese ter, á altura de 1907 e tralos avances en lingüística e en romanística do século XIX, este tipo de ideas, senón que se admitise a súa publicación no *Boletín de la Real Academia Gallega*, que debería se-lo máximo órgano, o máis serio, de expresión e de divulgación da nosa cultura. Isto dános unha idea do mal que se recibira e se asimilara a chamada lingüística científica no noso país.

Interesante tamén é a proposta de Salvador Golpe no seu discurso *Regionalismo y lenguaje* (1902) lido nos Xogos Florais de Betanzos de 1901. Este autor tenta explicar por que se establecen lazos de solidariedade entre aqueles que falan o mesmo idioma e para iso argumenta da seguinte maneira: cada persoa ou grupo de persoas ama aquilo que máis se semella a ela mesma, o que evidentemente non sucedería se non houberse variedade. A diversidade de climas dá lugar a razas distintas, con diferentes aptitudes físicas e psíquicas (de corpo e de alma) e, como consecuencia, con distintos gustos, costumes e tamén con distintas linguas, pois a lingua é a alma exteriorizada dunha raza.

O máis destacable deste discurso é a importancia que se lle dá ás condicións climatolóxicas e xeográficas na formación dunha raza e mais do seu idioma. Golpe explica que no tempo en que os humanos necesitaron comunicarse por primeira vez non había escolas, nin gramáticas, nin academias que puidesen establece-los parámetros dunha fala, e así cada pobo formou a súa acomodándoa ás propias necesidades, á propia alma, e tamén ó medio físico en que cada grupo humano habitaba.

Salvador Golpe invoca como fontes e como autoridades a autores como Montesquieu, Taine, Varela Montes e Víctor Duruy, ós que quizais se lles podería engadir unha influencia indirecta de Herder. Agora ben, esta valoración do medio na formación das linguas está tamén

en consonancia coa exaltación que dende a literatura e dende moitos outros ámbitos se facía da paisaxe galega, verde e fértil, contraposta á da árida Castela. A paisaxe funcionaba como argumento a favor da dignificación de Galicia ó tempo que como elemento sustentador da diferenza.

Murguía afirma no seu discurso para os Xogos Florais de Tui en 1891 (1974a) que é xusto darlle “tanta importancia ao feito da raza e do medio ambiente” e en *Los precursores* (1975: 108) que a lingua castelá é “rebelde” á inspiración dos poetas galegos porque “hija del sol (...) hay algo de duro en ella, incapaz de plegarse (...) a lo vago y ensoñador de la musa gallega: algo de áspero y también de sereno y claro como las amplitudes en donde nace y se habla”. E é que esta teoría xeográfica ofrécelle un elemento máis que liga Galicia ós países recoñecidos como celtas por excelencia e mais a Europa, símbolo do progreso:

“El geógrafo que se adelantó a decirnos que la vertiente cantábrica y septentrional es completamente europea, y que el hombre y las producciones de estos países tienen gran semejanza con los de la Bretaña, país de Cornualles y de Gales, dijo una verdad fundamental” (Manuel Murguía, 1975: 108).

Sen embargo, noutras ocasións nega rotundamente a importancia do clima e da xeografía nas linguas, determinadas só pola raza, que é, á súa vez, independente destes factores. Así, por exemplo, no seu artigo “Irlanda y Galicia”, de 1881, afirma:

“Cuanto es propio y privativo de una raza cualquiera se manifiesta pujante en los pueblos que a ella pertenecen. Puede el individuo diferenciarse algún tanto, y puede a veces hasta parecer diverso del que es su hermano por la sangre y los destinos, pero los rasgos distintivos de la familia permanecen y se perpetúan a través de los tiempos, reproduciéndose iguales bajo todas las latitudes. Las de los pueblos más puros y superiores, con mayor fuerza todavía que en los demás. Ver sino cómo en los nuevos lenguajes palpitan los restos de los primitivos, y cómo a menudo en los nombres de lugares, lo mismo que en las desinencias, en la construcción, en el acento de los actuales idiomas, se descubren las poderosas huellas de aquellos otros de los cuales derivan (...) porque nada esencial parece entre las gentes de una misma raza” (Martínez Murguía, 1974b: 117).

Murguía decátase de que defender que a xeografía ou o clima son determinantes na formación das razas e das linguas, sería tanto como desvirtua-lo celtismo galego. Os nosos antepasados mantiveron os seus riscos celtas trala súa instalación en Galicia a pesar de procederem de lugares moi afastados.

A última cita interésanos tamén porque esa afirmación de que “nada esencial parece entre las gentes de una misma raza” nos leva a descubrir algunhas das consecuencias, con implicacións prácticas, destas ideas celtistas: son varios os autores que afirman claramente que a lingua galega, como feito natural que é, relacionado co clima e coa raza, non pode morrer. Se o clima e a xeografía determinan as linguas, o galego persistirá mentres exista

Galicia. En canto á raza, as clases baixas, representantes e depositarias da autenticidade celtosueva, hanse encargar de mante-lo idioma. Só se desaparece a raza celta desaparecerá o idioma galego; mentres haxa un só representante auténtico da raza manterase a lingua. A isto pódenselle engadir certas doses de bioloxismo e de darwinsimo, tal e como fai Curros:

“El gallego posee desde su formación elementos de vida tan eficaces, tales virtudes orgánicas que, si bien con alteraciones de accidente, han podido conservarle, como se conservan las especies superiores de la naturaleza, á través del proceso evolutivo de los idiomas ibéricos (...) Si de algo se despojó el gallego en la selección á que viven sometidas todas las formas naturales, fué a la manera que se despoja el globo del lastre para ascender” (Rodríguez Valcárcel, 1997: 248).

Esta primeira consecuencia ten, á súa vez, outras dúas ata certo punto contrapostas:

1.- Semella que os rexionalistas, burgueses ou fidalgos castelán-falantes (a pesar de ser maioritariamente o galego a súa lingua de infancia), lle dan unha importancia relativa á perda do idioma –que eles perciben como recente– entre as clases acomodadas. O fundamental é que o manteña o pobo, pois como di Salvador Golpe (1902: 29) no xa mencionado discurso *Regionalismo y lenguaje* “el regionalismo se defiende por sí solo (...) le basta el pueblo humilde, la muchedumbre, que es el elemento conservador de las naciones. Para comprenderlo no tenemos más que fijarnos en lo que pasa con la lengua de nuestra querida tierra”. De feito, atribúenlle ás veces a mesma perda entre as clases urbanas fronte á permanencia nas aldeas á reistencia do noso idioma. Véxase se non esta declaración do xornal *El Heraldo Gallego*:

“Por eso no ha podido conseguir el poder oficial que fuese hablada la lengua española en nuestras apartadas aldeas donde aun hoy se observan en toda su pureza los signos distintivos de la raza celta nuestra ilustre progenitora.

La lengua gallega no podía morir.

Vivía en el seno de las montañas y desde allí debía reflejar su luz á las ciudades para anunciar que la Nacionalidad gallega aun no se había extinguido.

De estas surgieron ilustres poetas, que en sentidas composiciones, contribuyeron á levantar el idioma gallego de su transitoria postración” (*El Heraldo Gallego*, en Hermida, 1992b: 131).

A misión das clases altas non parece tanto fala-lo galego como cultivalo por escrito e estudialo, co fin de dignificalo. De mantelo vivo xa se ocupan os labregos.

2.- Murguía pensa que “así como en las razas puras la fisonomía del hombre no pierde nunca sus principales lineamientos, así tampoco pierden el acento, ni ménos aciertan á desprenderse de los rasgos distintivos de la lengua”, pero tamén que sempre que unha raza pura cambie de idioma,

“Se percibirá en la nueva lengua que adopten los giros y hasta las palabras de la que acaban de dejar, por gusto ó con desagrado, que para el caso es igual, como se vé hoy mismo en

nuestro dialecto, que siendo tan neo-latino, se advierten y perciben en él las huellas poderosas de la lengua céltica” (1879, en Hermida, 1992: 203).

De aquí podería deducirse que, segundo Murguía, non habería problema ningún en que o castelán suplantase totalmente ó galego, pois sen dúbida este sería un castelán adaptado á alma da raza celto-sueva. En realidade, esta consecuencia final da súa argumentación non é intencionada, senón que se trata da maior lagoa na teoría murguiana da lingua; lagoa á que, por certo, se enfrontarán tamén os nacionalistas do período de entreguerras (Monteagudo, no prelo).

Quedan no tinteiro moitos puntos interesantes que a falta de espacio me impide tratar, pero non quero rematar esta comunicación sen apuntar unha breve conclusión acerca da relación dialéctica que se establece entre lingua e identidade. Se por unha parte a visibilidade da lingua como elemento diferencial favoreceu que dende os tempos de Murguía se empregase cada vez con máis insistencia como fundamento dunha identidade galega propia e como característica que nos facía merecentes de certos dereitos políticos, tamén é verdade que o crecemento da consciencia diferencial e a elaboración dunha teoría da nacionalidade tiveron unha influencia decisiva nas ideas sobre as orixes, sobre a evolución e o sobre o futuro da lingua.

Bibliografía

- Beramendi, J.G. (1991), “La aparición del galleguismo. Provincialismo, rexurdimento, regionalismo”, *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo.
- Besada, A.G. (1887), *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, A Coruña, La Voz de Galicia.
- Blonmaert, J., J. Verschueren (1992), “The role of language in European nationalist ideologies”, *Pragmatics* 2(3), 355-75.
- Bourdieu, P. (1985), *¿Que significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Ediciones Akal.
- Boyer, H. (1990), “Matériaux pour une approche des représentations sociolinguistiques”, *Langue française* 85, 102-25.
- Gal, S. (1992), “Multiplicity and contention among ideologies: a commentary”, *Pragmatics* 2(3), 445-49.
- Gardy, P., R. Lafont, (1981), “La diglossie comme conflit: l’exemple occitan”, *Languages* 61, 71-79.
- Golpe, S. (1902), *Regionalismo y lenguaje. Discurso leído en los Juegos Florales de Betanzos en 29 de Septiembre de 1901*, A Coruña, Escuela Tipográfica de la Casa de Misericordia.

- Hermida Gulías, C. (1992), *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Máiz, R. (1984), *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- Martínez Murguía, M. (1974a), “Discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui de 1891”, *Grial* 43, 83-89.
- ___ (1974b), *Política y sociedad en Galicia*, Madrid, Akal Editor.
- ___ (1975), *Los precursores*, A Coruña, La Voz de Galicia.
- Monteagudo, H. (no prelo), *Ideas e debates sobre a lingua. Afonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*.
- Philips, S.U. (1992), “A Marx-influenced approach to ideology and language: comments”, *Pragmatics* 2(3), 377-85.
- Rodríguez Valcárcel, M.X. (1993), *Lingua e literatura galegas en ‘El Regional’*, Santiago de Compostela, Edicións Lea.
- ___ (1997), “Un artigo esquecido de Curros sobre a lingua galega”, *A trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico* 30, 243-50.
- Senra, Euqueiro V. (1907), “El gallego no es hijo del latín”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 8 (Tomo I), 203-08.